

## Os nosos mortos

**MANUEL MAGARIÑOS NEGREIRA**

Na sua casa pairal de Negreira—terras de celmosas lonxanías agromadas de ceos nros, compañeiros de mansas montañas—, entre un lusco e fusco estival foise tamén pra sempre Manuel Magariños Negreira, fina alma moza, corazón xeneroso da xuventude galega de hoxe.

Morreu como decote vivira: mozo de corpo e de espírito, mergullado na paz fecunda e no silencio xerminal da sua morna campia nativa, sen tópicos de gaita nen horarios extranos. Manolo Magariños Negreira era unha alma rexa i entrañada, serea e acesa, sinxela e fina, musical, debruzada sobor dos camiños da Terra para ouvir a vibración da Ecúmene.

Así viviu Magariños deica ista seitura ceda da Morte. Viviu “en sí” e non, como tantos Adrians Solovios, “arredor de sí”; sen vacilacions nen apostasias, ouvindo sempre a sua voz, sen sirenas que o conturbasen. El era do batallón mozo que leva unha estrela na frente e un cantar nos beizos, por onde Galiza enxerga espranzada o seu porvir. Da mesma estirpe, por segrel e malfadada, dos Lousada Diéguez, dos Amado Carballo, dos Manuel Antonio: homes de paixón, de anguria, de fe; almas nus i “extra-vagantes”, como quer Unamuno; flaxeladoras de todo filisteísmo, de toda preguiza, de todo hedonismo, de toda conformidade cómoda, moda, vicio e mimetismo. Espiritos cheos de sedes infindas que ao xeito de verdadeiros poetas—eu diría “homes”—teñen unha segura norma realista—realidade dos xenerosos—na sobrerrealidade: (mais vale un paxaro voando que cento na man).

Iste morto de hoxe era un fino humorista da mais pura raíz galega—tenrura, sorriso, door—e un agudo esculcador das cousas, dos feitos e das ideas galegas. A sua obra—fervorosa, sán, cunha atmósfera orballada na que se trasmuta a paisaxe nativa—queda espallada en distintas publicacións—“A Nosa Terra”, “Nós”, EL PUEBLO GALLEGO, “Céltiga”, de Buenos Aires—ademais de duas novelas curtas da colección “Lar”. N’ela pódense apreciar a beleza da forma, a finura do concepto e a modernidade do estilo—imaxinación, sobriedade, clima lírico de temperatura europea—, todo salferido nunha emoción humán e panteista, de cerne e dimension galegas.

No exercicio activo da carreira de Dereito, porén, a sua angueira principal era o Arte, a Literatura e o seu fervor mais fondo e a sua arela a liberdade de Galiza. Se non puso a sua intelixencia e a sua vontade, trocadas en política activa, ao servizo da Terra, non foi mais que por motivos de saúde. Nunha carta do ano 32, que eu gardo, decíame:

“De política, non sei que decirche. A local, como a de todas as vilas, asquéame pola sua estupidez. A nacional, apenas me interesa. A rexional, ténme un pouco desconcertado. Endexamais pensei dedicarme á política porque a miña delicada saúde obrígame a levar unha vida de tranquilo retiro; pero sinto pena e congoxa de ver á nosa soñada Galiza entregada a un fato de egoistas... Con todo, o Partido Galeguista, se sigue loitando, faime enxergar para un próximo futuro a posibilidade de un día de victoria pra Galiza, e isto ténme animado.”

Magariños Negreira era un exemplar de moxedades—xón, xenerosidade—e de virtude—lealtade, homía de ben, intelixencia. Eis a perda—nin mais nen menos—que agora temos de chorar os galegos.

JOHAN CARBALLEIRA.